

Declaración de apoio da Xunta de Facultade da Facultade de Matemáticas da USC á continuidade do Máster Universitario en Matemáticas

A Xunta de Facultade da Facultade de Matemáticas da Universidade de Santiago de Compostela quere manifestar de forma clara e decidida o seu apoio á continuidade do Máster Universitario en Matemáticas, cuxa oferta de novo ingreso foi suspendida para o vindeiro curso académico por decisión da Xunta de Galicia. Aínda que existe a vontade de recuperar esta oferta no futuro, non se conta, a día de hoxe, cunha garantía firme de que isto sexa posible.

A Facultade de Matemáticas da USC é unha das máis antigas de España. Cunha traxectoria de case 70 anos desde a creación da licenciatura en Matemáticas, e con raíces que se remontan mesmo a séculos anteriores, esta facultade constitúe o núcleo da formación matemática en Galicia. É, de feito, a única facultade específica de Matemáticas no sistema universitario galego, e ten contribuído historicamente, co seu estudantado e co seu persoal docente e investigador, á consolidación académica e científica das universidades de Santiago de Compostela, Vigo e A Coruña, fortalecendo así o conxunto do sistema universitario galego.

Desde os seus inicios, esta facultade ten favorecido un ecosistema matemático singular no contexto estatal, que combina investigación fundamental de alto nivel cunha sólida vocación de transferencia de coñecemento. Esta dobre vertente ten sido reforzada nos últimos anos coa creación do Centro de Investigación e Tecnoloxía Matemática de Galicia (CITMAga), que contribuíu de forma decisiva á proxección do máster e do propio tecido investigador.

A continuidade do Máster Universitario en Matemáticas debe considerarse unha prioridade estratéxica para Galicia. A suspensión da oferta de novo ingreso, mesmo se se tratase dunha medida temporal, carrega consecuencias moi difíciles de reverter, tanto a curto como a medio e longo prazo. Entre elas, salientamos:

- **Fuga de talento:** Unha valiosa parte das egresadas e dos egresados do Grao en Matemáticas e dos Dobres Graos en Matemáticas e Física así como en Enxeñaría Informática e Matemáticas, veríanse obrigados a abandonar Galicia para continuar a súa formación de posgrao, etapa imprescindible para iniciar unha carreira investigadora. Isto suporía unha perda de capital humano altamente cualificado en áreas clave como Álgebra, Xeometría, Topoloxía, Análise Matemática, Ecuacións Diferenciais, Astronomía ou Física Matemática, e, como consecuencia, tería un forte impacto social nas economías das familias. Esta situación daría marcha atrás á recente tendencia de retención de talento na comunidade e prexudicaría unha área con forte impacto transversal noutras disciplinas científicas.
- **Renovación do persoal docente e investigador (PDI):** O máster foi, e é, unha vía esencial para a formación de futuras persoas investigadoras que, en moitos casos, acceden posteriormente a postos como PDI na nosa propia facultade, así como noutras do sistema universitario galego, nacional e incluso internacional. A súa interrupción compromete seriamente a renovación xeracional, debilitando así a estrutura investigadora e docente da facultade, así coma doutros centros do sistema universitario galego.

- **Impacto científico:** Os indicadores de produción científica, proxectos competitivos e teses de doutoramento defendidas polo profesorado vinculado ao máster presentan niveis que igualan ou superan os doutras universidades de referencia a nivel estatal. Nos últimos dez anos defendéronse 49 teses de doutoramento nestas áreas, das cales 34 (un 69%) corresponden a persoas egresadas do Máster Universitario en Matemáticas. Entre estas, 18 foron realizadas ao abeiro de contratos FPU competitivos concedidos polo Ministerio de Educación, Formación Profesional y Deportes, o que pon de manifesto a calidade e o potencial investigador do estudiantado formado neste máster. A súa perda ou interrupción prolongada limitaría drasticamente a capacidade de Galicia para seguir xerando ciencia de excelencia no eido das matemáticas.

Á vista do anteriormente exposto, a Xunta de Facultade da Facultade de Matemáticas considera que a suspensión da oferta de novo ingreso do Máster Universitario en Matemáticas constitúe un erro estratéxico e educativo de gran magnitude. Instamos á Xunta de Galicia a reconsiderar esta decisión coa urxencia que o caso require e a garantir a continuidade estable deste máster no sistema universitario galego.

A comunidade matemática galega (e, con ela, a comunidade científica no seu conxunto) non pode permitirse a perda nin o debilitamento dun instrumento tan esencial para a formación, a investigación e a transferencia de coñecemento como este máster.

Santiago de Compostela, 28 de maio de 2025

A Xunta de Facultade da Facultade de Matemáticas Universidade de Santiago de Compostela